

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 13 DE MARZO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a trece de marzo de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 4 de marzo de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- RESOLUCIÓN DE DESESTIMENTO E ARQUIVO DE EXPEDIENTE A SOLICITUDE DO INTERESADO

— UFD Distribución Electricidade S.A.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Consta na documentación existente na Secretaría deste Concello o seguinte expediente (██████████) iniciado a instancia de parte:

- Solicitude de título habilitante municipal de carácter urbanístico para a execución de obras de “REDE DE BAIXA TENSIÓN (RBT)”, no lugar de Penerbosa, parroquia de Negrelos, instada por Don Francisco Javier Ramos Díaz, na representación que ostenta da sociedade UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Madrid, rexistrada con data 29 de decembro de 2023 (RE-E núm. 751), de conformidade coa memoria técnica redactada pola enxeñeira técnica industrial Dona Herminia López Caamaño, en data 19/10/23.

Segundo.- Consta, asemade, o correspondente escrito de desestimento presentado por Dona María Luisa Álvarez Rodríguez, na representación que acredita da sociedade interesada, con data 10 de marzo de 2025 (RE-E núm. 190).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAP) dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

Segundo.- O artigo 21.1 da citada Lei establece que a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra en cada caso, coa indicación dos feitos producidos e das normas aplicables.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ter por desistida á sociedade UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. do expediente incoado a súa instancia e que se sinala nos antecedentes do presente acordo.

Segundo.- Ordenar o arquivo do citado expediente, sen máis trámite.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE

— O Rodo Sociedade Cooperativa Galega

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de cambio de titularidade de actividade, presentada con data 25 de febreiro de 2025 (RE núm. 259), coas seguintes características:

DATOS DO ANTERIOR TITULAR

NOME E APELIDOS	CELSO GONZÁLEZ JORGE
DNI	██████████
DOMICILIO	LALÍN

DATOS DA NOVA TITULAR

RAZÓN SOCIAL	O RODO SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO
REPRESENTANTE	JESÚS MARÍA MONTES VÁZQUEZ
DNI	██████████

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	TALLER DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS
LUGAR	A GAIOLA NÚM. 29 – BAIXO
PARROQUIA	RODEIRO
REFª CATASTRAL DO INMOBLE	36047A082004300001AK
TÍTULO HABILITANTE URBANÍSTICO	SI (LICENZA CONCEDIDA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 06/03/13)
TÍTULO HABILITANTE DA ACTIVIDADE	SI (RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 06/03/14)
NÚM. INSCRICIÓN REXISTRO INDUSTRIAL DE GALICIA	██████████

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto no artigo 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no artigo 20 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar razón da presentación da comunicación previa xunto cos documentos que con ela se achegan e, na súa virtude, declarar a súa eficacia, dando por cumprimentada a obrigaón legal de comunicación do cambio de titularidade da actividade referida.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para os efectos nela sinalados, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- No prazo máximo de tres meses a nova titular deberá comunicar o cambio de titularidade do establecemento industrial ante o Rexistro Industrial de Galicia dependente da Consellería de Economía e Industria.

4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA EN EDIFICIOS E INFRAESTRUTURAS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Orde do 27 de xaneiro de 2025 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual (2025-2026) e en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia, cofinanciadas nun 60 % pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (DOG núm. 30, do 13/02/25). O Sr. alcalde informa que considera conveniente optar a dita subvención para a realización de traballos de mellora da envolvente térmica da Casa do Concello mediante o illamento en cubertas e fachadas e cambios nas carpinterías exteriores e vidros por outras con boas características térmicas. Preténdese dar solución a problemas de filtración, danos nos muros, ao mal estado de cubertas e á perda de enerxía a través das fachadas, carpinterías e forxados.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes unha subvención por importe de CENTO DEZAOITO MIL CENTO TRINTA E SETE EUROS CON TRES CÉNTIMOS (118.137,03 €) para o investimento denominado “*Rehabilitación enerxética da envolvente térmica da Casa do Concello de Rodeiro*”, cun orzamento total de CENTO CORENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (149.997,82 €), de conformidade co proxecto técnico do mesmo nome, aprobado por este órgano na sesión de data 15 de febreiro de 2024, e redactado polo arquitecto técnico Don José Abel Mato Méijome.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

5.- ACORDO DE CESE DA REPRESENTACIÓN FIDUCIARIA DO CONCELLO SOBRE A TITULARIDADE DE PARCELA DE RESULTADO DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO S.UR.ND.I – 1

ANTECEDENTES

1º.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local do día 19 de novembro de 2014 procedeuse á aprobación definitiva do proxecto de compensación do Polígono Único do Sector Único do Solo Urbanizable non Delimitado de Carácter Industrial S.UR.ND.I-1 do PXOM.

2º.- Entre as parcelas afectadas por dito proxecto figuraban as seguintes coa referencia catastral que se especifica:

36047A092001460000PB

36047A092001540000PL

36047A092001550000PT

3º.- Ditas parcelas figuraban como de titularidade catastral de Herdeiros de Álvaro Gutiérrez Diéguez, as dúas primeiras, e de Herdeiros de Julio Gutiérrez Hermida a terceira.

4º.- Como consecuencia da compensación de ditas parcelas iniciais atribuíuse a dita propiedade a parcela de resultado número nove (9) de dito Proxecto.

5º.- O Concello de Rodeiro, ao considerar non acreditada a propiedade das parcelas de orixe e no mesmo acordo da Xunta de Goberno Local anteriormente sinalado, atribuíuse con carácter fiduciario e para a súa entrega a quen acredite mellor dereito sobre a mesma, a representación da titularidade de dita parcela de resultado, en virtude do disposto no artigo 10.2 do Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo.

6º.- Dita circunstancia figura consignada na inscrición rexistral da finca no Rexistro da Propiedade de Lalín no [REDACTED].

7º.- Don Mario Gutiérrez Reboredo, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar da Latiza, parroquia de Álceme, presenta escrito no Concello con data 6 de marzo de 2025 (RE núm. 308), manifestando que desexa acreditar a propiedade das parcelas de orixe e, a tal efecto, achega escritura de aceptación e adxudicación parcial da herdanza do causante Julio Gutiérrez Hermida estendida con data 8 de outubro de 2014 ante o notario de Arzúa (A Coruña) Don José María Gamallo Aller (protocolo núm. [REDACTED]).

8º.- Que en virtude de dita escritura notarial, as parcelas catastrais de orixe especificadas foron adxudicadas en proindiviso e con diferentes porcentaxes a Dona Julia Gutiérrez Reboredo, Don Álvaro Gutiérrez Reboredo e Don Mario Gutiérrez Reboredo.

Considerando o Concello acreditada a titularidade das parcelas coa documentación achegada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Cesar na representación fiduciaria da titularidade da parcela de resultado número nove (9) do proxecto de compensación do Polígono Único do Sector Único do Solo Urbanizable non Delimitado de Carácter Industrial S.UR.ND.I-1, inscrita no Rexistro da Propiedade de Lalín no [REDACTED].

Segundo.- Atribuír a titularidade da anterior parcela en proindiviso aos propietarios e pola porcentaxe de indiviso que deseguido se sinala:

PROPIETARIOS/AS PROINDIVISO	DNI	PORCENTAXE DE INDIVISO
Julia Gutiérrez Reboredo	[REDACTED]	30
Álvaro Gutiérrez Reboredo	[REDACTED]	30
Mario Gutiérrez Reboredo	[REDACTED]	40

Terceiro.- Achegar certificación deste acordo ao Rexistro da Propiedade de Lalín aos efectos que procedan.

Cuarto.- Notificar o presente acordo á Xunta de Compensación do Polígono Único do Sector Único do Solo Urbanizable non Delimitado de Carácter Industrial S.UR.ND.I-1, así como ao interesado.

6.- DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN FORZOSA DE FUNCIONARIO MUNICIPAL POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGALMENTE ESTABLECIDA

ANTECEDENTES

1º.- Don Carlos Camba Lamazares, con DNI núm. [REDACTED], funcionario deste Concello pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala Subalterna (Grupo E), cumpre a idade legalmente establecida para a súa xubilación forzosa o vindeiro día 30 de marzo do corrente.

2º.- Segundo os datos existentes no seu expediente persoal, o interesado accedeu á condición de funcionario de carreira por oposición, trala superación do correspondente proceso selectivo. Foi nomeado por Resolución da Alcaldía de data 18 de setembro de 1996, publicada no Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 252, de data 18 de outubro de 1996. Á data prevista de xubilación terá acumulado un tempo de servizo no Concello de preto de 32 anos.

3º.- Non consta neste Concello solicitude algunha do interesado en relación coa prolongación da situación en servizo activo até os 70 anos.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeira.- O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) dispón no seu artigo 67.3 que *“a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade”*. Similar previsión contense no artigo 68.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, aplicable ás entidades locais en virtude do previsto no seu artigo 4. Dispón literalmente: *“A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida”*.

Segunda.- Malia a idade de 65 anos establecida legalmente para a xubilación forzosa dos funcionarios, é preciso completar dita previsión co aumento da idade para ser beneficiario dunha pensión de xubilación na súa modalidade contributiva establecida no artigo 205 do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (LXSS), elevándoa dos 65 aos 67 anos. Porén, a súa Disposición Transitoria Sétima establece unha aplicación paulatina de dita previsión permitindo para o ano 2025 a xubilación aos 66 anos e 8 meses se consta acreditado un período de cotización inferior aos 38 anos e 3 meses, circunstancia que cumpre o interesado.

Terceira.- A xubilación total é causa da perda da condición de funcionario de carreira (artigo 63 c) EBEP).

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Declarar a xubilación forzosa do funcionario do Concello Don Carlos Camba Lamazares con data de efectos do día 30 de marzo de 2025.

Segundo.- Facer constar expresamente o agradecemento do Concello polos servizos prestados polo funcionario ao longo dos numerosos anos nos que desenvolveu as funcións inherentes ao seu posto de traballo.

Terceiro.- Ordenar a baixa definitiva en nóminas e Seguridade Social de dito funcionario, con efectos da data da extinción da súa relación de servizo

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e aos efectos pertinentes.

7.- CONTRATACIÓN DE DÚAS (2) TRABALLADORAS AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2025 (LIÑA 3)

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada

o día 21 de febreiro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación de dous postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2025.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos postos de traballo ofertados, correspondente ao perfil profesional de técnico/a en educación infantil (RS núm. 163, do 04/03/25). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello as seguintes candidatas:

Técnicas en educación infantil (oferta núm. [REDACTED])

- Corbal Cangado, Sara
- Fernández González, Belén

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse ás candidatas preseleccionadas un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación as seguintes candidatas:

- Fernández González, Belén (RE núm. 320, do 07/03/25)
- Corbal Cangado, Sara (RE núm. 321, do 07/03/25)

A Comisión de Selección prevista nas Bases, reunida o día 11 de marzo do corrente, procedeu á comprobación do cumprimento por parte das candidatas presentadas dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoas ao proceso selectivo.

Procederon deseguido á valoración dos méritos das candidatas admitidas, co seguinte resultado:

CANDIDATA	PUNTUACIÓN TOTAL
BELÉN FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	2,45
SARA CORBAL CANGADO	2,15

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de Selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo parcial (25 horas/semana), por un período de nove meses e catorce días, das traballadoras que deseguido se sinalan:

Técnicas en educación infantil

NOME E APELIDOS	DNI
BELÉN FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	██████████
SARA CORBAL CANGADO	██████████

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

8.- DESIGNACIÓN DE TRIBUNAIS CUALIFICADORES DE PROCESOS SELECTIVOS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE POSTOS DE TRABAJO FINANCIADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2025 (LIÑA 3)

De conformidade co establecido nas Bases quintas dos procesos selectivos, aprobadas por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 4 de marzo do corrente, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Sr. alcalde e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros do Tribunais Cualificadores dos procesos selectivos para a contratación laboral temporal de postos de traballo financiados pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2025 (Liña3), ás seguintes persoas:

Tribunal I (posto de traballo de auxiliar administrativo/a)

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: Alfonso Doval Cidre, técnico informático.
José Carballo Suárez, administrativo-encargado do CCM.

SECRETARIO: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

Tribunal II (postos de traballo de peón/a de servizos diversos)

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: José Antonio Arias Deza, operario de servizos diversos.
José Albor González, peón de servizos diversos.

SECRETARIO: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

9.- ACORDO DE GASTO

— Zurich Insurance PLC

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que con data 7 de outubro de 2024, como consecuencia da actuación do tractor desbrozadora do Concello, producíronse danos no vehículo con matrícula 7479KSK, propiedade de GANADERÍA CASELAS S.C., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Carboentes, parroquia de Carboentes. O Concello realizou o correspondente parte de sinistro ante a compañía aseguradora do vehículo municipal OCCIDENT GCO S.A. Os danos peritáronse na cantidade de 408,27 €, IVE incluído, sendo abonada pola aseguradora a cantidade de 258,27 €; correspondendo ao Concello asumir o importe da franquía contratada na póliza en vigor que ascende á cantidade de 150,00 € por sinistro.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar un gasto por importe de CENTO CINCUENTA EUROS (150,00 €) a favor da aseguradora do vehículo danado en concepto de abono da franquía contratada, con cargo á partida 920/226 do orzamento en vigor.

10.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 631,18 € E 61,71 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 25A/274 e 25A/275 (FACe).
- SOCISER GALICIA S.L.U. 1.271,43 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de febreiro de 2025, s/factura núm. A/19 (FACe).
- BAYGAR S.L. 101,83 €
Por subministro de repostos para a máquina de lavado do Concello, s/factura núm. 1347/251100704 (FACe).
- MAXIDEZA S.L. 3.575,55 €
Por adquisición de cazos da máquina retroescavadora do Concello, s/factura núm. 2025 A 000774 (FACe).
- SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA S.L. 770,21 €
Por subministro de materiais de saneamento para obras municipais, s/factura núm. 25-LAL/378 (FACe).
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 7.184,38 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de xaneiro de 2025, s/factura núm. 2025/0082 (FACe).
- M^a JOSEFA FERNÁNDEZ MOURE 100,55 €
Por subministro de caramelos para a cabalgata dos Reis Magos, s/factura núm. 572.
- MÁIS ESCOLA S.L. 1.371,05 €
Por prestación do servizo de monitor do ximnasio municipal no mes de xaneiro de 2025, s/factura núm. FAC/876 (FACe).

Obradoiro dual de emprego “Terras de Camba I”

- M^a JOSEFA FERNÁNDEZ MOURE 218,90 €
Por subministro de diverso material de oficina, s/factura núm. 571.
- FERRODEIRO S.L. 861,88 €
Por subministro de luvas e diverso material de protección, s/factura núm. 000454.
- ELENA TERESA ENRÍQUEZ 224,18 €
Por subministro de diversos elementos de traballo, s/factura núm. V/6 (FACe).
- O RODO, S. COOP. GALEGA 65,47 €
Por subministro de combustible á furgoneta de transporte alugada, s/factura núm. FA – 74.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)